**PARA TODOS LOS PÚBLICOS**

**Entrevista** Fran Alonso

# «O dominio da linguaxe é unha forma de poder»

*O escritor participa hoxe nunha nova charla do Ciclo de Literatura Infantil «Música e Poesía dende a primeira infancia»*

CÁNDIDA ANDALUZ




Fran Alonso vista esta tarde o campus. **MERCEDES MORALEJO**

Prosegue no campus o Ciclo de Literatura Infantil «Música e Poesía dende a primeira infancia». Hoxe, o escritor Fran Alonso presenta a charla titulada «Poesía, a música da vida».

**—De qué falará aos futuros mestres?**

—Máis que unha charla clásica o que farei é un espectáculo para explicar como transmitir a poesía aos rapaces. De que forma, con que palabras, enfoque... De como facela próxima. Desmitificando o concepto da poesía como algo afastado, ás veces sentimental, romántico ou difícil. Neste tema hai moitos tópicos.

**—Como se achega a poesía aos nenos?**

—O primeiro é mostrala como algo moi próximo, moitas veces máis do que lles parece. A poesía está na vida. Acompáñanos dende que nacemos, dende as nanas e arrolos, nas letras dos xogos e cancións infantís. Tanto a infancia como a adolescencia son dous momentos fundamentais para conectar coa poesía. Pero moitas veces os propios adultos somos os que lle temos medo. Parece que nos afastamos dela porque lle temos respecto.

**—Por que hai tantos tópicos coa poesía?**

—En parte hai unha visión acorada no pasado. Vén dende o romanticismo. Ás veces os propios poetas provocámolas e facemos que perduren. Que se vexa ao poeta como un ser superior que está conectado con deuses de todo tipo [ri], cun perfil elitista. E é todo o contrario. Dicía Celso Emilio Ferreiro: «A poesía está nas cousas que nos acompañan a diario».

**—Que ofrece este estilo literario ao rapaces?**

—Moitas cousas. A poesía está no xogo, mesmo na publicidade que usa as súas formas para impactar no espectador. Os nenos debe ser conscientes de que xogando coa palabra se domina. E o dominio da linguaxe é unha forma de poder á que pode acceder calquera. Nada nos fai máis poderosos que dominar a linguaxe, poder dicir exactamente o que queremos dicir. E cando o neno é consciente disto refórzao en todos os sentidos. Os lemas políticos tamén o fan. No libro «O meu gato é un poeta», falo un pouco disto. Hai pouco estaba fascinado cunha pancarta que vía cando ía ao traballo que dicía: 'Eles prometen a lúa, nós defendemos á terra'. Paréceme excepcional como unha protesta social, tan crúa, utilizaba a poesía para mostrarse. Vese que serve para falar de todo e que pode utilizar todo tipo de palabras. Incluso 'Merda', que foi utilizada para un poema de Celso Emilio Ferreiro.

**—Cal é o papel dos mestres?**

—É fundamental que os futuros mestres transmitan o amor pola poesía, sen ter tan en conta o contido.

**Hemeroteca** Hace 20 años



La Tecnópole, clave para gestionar inversiones. **M. VILLAR**

## Periplo comercial ourensano por los Estados Unidos

Una expedición ourensana encabezada por el alcalde de Ourense, Manuel Cabezas; el presidente del Inorde, Isaac Vila; el presidente de la confederación de empresarios, Francisco Rodríguez, y el director de la empresa UMA Ibérica, Germán Lastra, cerró hace veinte años en Nueva York un principio de acuerdo con la ONU. El objetivo era facilitar a los empresarios de la provincia el acceso a los programas de inversiones del departamento de programas y desarrollo de las Naciones Unidas, utilizando como vía la estructura de la Tecnópole, entonces todavía denominada Parque Tecnolóxico de Galicia. El plan de inversiones de la ONU se dirigía a países en vías de desarrollo y en ese momento incorporó, como novedad, la posibilidad de incluir en las actividades a la iniciativa privada. La comitiva ourensana se reunió también con la asociación de turoperadores españoles en Nueva York; estos informaron sobre las características que debe reunir una oferta para ser atractiva para los estadounidenses y los ourensanos les presentaron las propuestas de la provincia que podrían tener cabida en un programa turístico.

**Fotografía**

## Roberto Verino muestra «Kosmos», de Marta Bisbal

**Hasta el 29 de noviembre • Tienda de Roberto Verino (Paseo) • Horario comercial •** El espacio expositivo de la tienda de Roberto Verino se suma a la oferta del Outono Fotográfico con la inauguración de la exposición «Kosmos», que incluye el trabajo de Marta Bisbal. La inauguración oficial de la muestra está prevista para las 19.00 horas. Según el comisario de la sección oficial del Outono, Vítor Nieves, el proyecto de Marta Bisbal es «unha sublime proposta que se enmarca de cheo na temática do festival deste ano, o Dentro-Fóra. 'Kosmos' é unha mostra que xoga co que se cadra é a postura máis deontolóxica da fotografía: a luz e a interacción desta no espazo». El OF está procediendo a la apertura paulatina y a la presentación en todas Galicia. En los últimos días se dieron a conocer y se organizaron ruedas de prensa sobre las mismas en Vigo, Compostela y Lalín.

**Pintura**



Sula Repani y Miguel Carballo en la muestra. **SANTI M. AMIL**

## Repani y Carballo en la CEO

**Hasta final de año • De 09.00 a 14.00 y de 16.00 a 20.00 horas • CEO • Gratis •** En la sede de la Confederación de Empresarios de Ourense, en la Praza das Damas, se puede ver la exposición que incluye el trabajo de Sula Repani y Miguel Carballo. Son cerca de medio centenar de obras que estarán en la CEO hasta final de año.

**Música**

## El Ciclo 1906 Jazz trae a Kin García Trío al café Latino

**Hoy • 22.30 horas • Café Latino • 10 euros •** Cita con el jazz en el café de la Praza de Santa Eufemia. Dentro del Ciclo 1906 Jazz se contará con la presencia del Kin García Trío. El contrabajista Kin García lidera una formación en la que le acompañan Jacobo de Miguel, al piano, y Noli Torres, a la batería. García compagina su faceta docente con los conciertos con el trío o la colaboración con artistas de todo el mundo. «Xingra como a area» en su último disco.



Kin García. **PACO RODRÍGUEZ**


